# O FACHO

Nº 1 · ANO 2010 CEIP CANGAS - NAZARET



# ÍNDICE

EDITORIAL ........ 1
CARTA DO EQUIPO DIRECTIVO ........ 2
CARTA DOS NEN@S DE INFANTIL ........ 3
POEMA (3 ANOS A) ........ 5
O MAPA DE CANGAS (3 ANOS B) ........ 6
"O TAMBORILEIRO MÁXICO" (4 ANOS B) ........ 7
TRABALLAMOS O ARTE (4 ANOS A) ........ 9
OBRADOIRO DE RECICLAXE (5 ANOS A) ........ 13
FIXEMOS UN CASTRO ( 5 ANOS A) ........ 17
CONTO: "O PRÍNCIPE DE CANGAS" (5 ANOS B) ........ 21
AS FESTAS DO CRISTO (1º PRIMARIA) ........ 27
VISITA AOS MUIÑOS DE COIRO (1º PRIMARIA) ........ 29
COÑECEMOS MELLOR CANGAS (2º PRIMARIA) ........ 31
PASOU EN CANGAS (2º PRIMARIA) ........ 34
O ENTROIDO EN NAZARET (3º PRIMARIA) ........ 36
PASATEMPOS (4º PRIMARIA) ........ 37
CANGAS DENDE AS ALTURAS (5º PRIMARIA) ........ 43
HISTORIA DE CANGAS (5º PRIMARIA) ........ 46
CARTA DE DESPEDIDA (6º PRIMARIA) ........ 49
OS QUE VEÑEN E OS QUE SE VAN ........ 51
EXPOSICIÓN E TRABALLOS DA BIBLIOTECA ........ 53
AS LETRAS GALEGAS ........ 59
GALERÍA DE FOTOS ........ 61
O NOSO BLOG ........ 65

SUBENCIONADO POLA XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA

## Editorial

Sae á luz esta nova revista escolar para facer partícipe a toda a comunidade educativa e a tod@s os letor@s das nosas experiencias, traballos e como non, tamén das festas e excursións.

Este curso decidimos estudar o noso pobo, Cangas, o cal resultou moi interesante porque aprendimos de maneira colectiva. Parte do traballo foi mostrado nunha exposición pola que tod@s nos felicitamos. Houbo conferencias temáticas para as distintas etapas educativas e para as familias e estamos no mundo a través do noso blog, " NAZARET GALEGO".

Agora rematamos con esta revista, O FACHO, coa que esperamos conseguir que a palabra escrita e a creatividade dos rapaces, ocupen un lugar nas nosas vidas e…nas nosas estanterías. Cremos que ten que estar xunto cos libros e formar parte das nosas leturas.

Para a elección do nome, da portada e da contraportada fíxose un concurso entre os nenos e nenas do colexio e os elixidos foron: o nome salíu das propostas da clase de 5 anos A, o debuxo da portada é de Carmen de 5 anos A e a contraportada é de Paula da clase de 3º

¡A disfrutala!

**Queridiños rapaces e rapazas:**

Son un novo colega que chega a este cole para facervos compañía durante moitos, moitos anos. Gústame moitísimo traballar pero eu aínda son pequerrecho e non sei facer tantas cousas coma vós e por iso preciso da vosa axuda.

Ah! Claro pero si non sabedes quen son:

Preséntome; Son a **Revista Escolar "O Facho"** xoven, divertida, simpática, con moitas ganas de aprender e sobre todo de coñecervos a cada un de vós.

Sen mais despídome cunha aperta moi forte e ata a próxima.

OLA COLE!!

SOMOS OS NENOS E NENAS

QUE CHEGOU AOS ESTE ANO

TEMOS 3 ANOS E UNOS

CON MOITAS GANAS DE APRENDER

ESTE É O COMEZO DUNHA

BONITA AVENTURA AO LADO

DE ELI E ROSA

OCA A TODOS!!

SOMOS OS NENOS E NENAS DE 4 E QUEREMOS CONTARVOS O QUE APRENDEMOS ESTE ANO:

O CORPO E OS OSOS

OBRAS DE TEATRO COMO A DO ATUN E O TAMBORILEIRO E XA SOMOS ARTISTAS E PINTORES

TODO ISO ACOMPAÑADOS E AXUDADOS POR A LOURDES

MOITAS GRACIAS!!

VEMOMOS O ANO QUE VEN

ADEUS INFANTIL!!
OLA PRIMARIA!!
SOMOSOS NENOS E NENAS
DE 5 ANOS E ESTE CQURSO
DESPEDIMONOS DE INFANTIL
PARA COMEZAR A AVENTURIA DE PRIMARIA

FORON TRES ANOS PRECIOSOS
NOS QUE JACOBO E MONTSE

NOS LEBARON DA MAN HACIA O
MUNDO DOS MAIORES.

POR ISO LLE QUEREMOS
DICIR:

MOITAS GRACIAS!!

NON VOS ESQUECEREMOS


CHEGA A HORA DE IRSE A CAMA.
O LUME XA NON DA FUME
NIN CHAMA.
(UXÍO NOVONEYRA)
E.I 3 ANOS B

# NENOS E NENAS DE 3 ANOS A




O TAMBORTEIRO MAXICO
ATUAN
Y B
DIEGOM
OTAMBORIRO
JOEL
RAUL
ANXO
BANDIBO
AINHARA
ANA
SORAYA
MERCED ESFLOR
PEISEIRAS
NUNO
PABLO
MUIÑE
IKER
MANUEL
DAVID
RA
LEBRE
PEIXI
OTAMBOROMÁXICO

OS NENOS E NENAS DE 4A

TRABALLAMOS






A



ARTE




E SOBRE TODO O RETRATO


MONA LISA
EL BESO DE KLIMT
EL GRITO DE MUNCH
WARHOL
UANGOGH
PINTAMOS CAMISETAS


FUMOS A VER RETRATOS
A CASA DE KAMILO
CASA MUSEO DE CAMAÑO XESTIDO
"A MANGALLONA"



A CASA MUSEO DE CAMAÑO XESTIDO "A MANGALLONA" CONSTA DUN EDIFICIO PRINCIPAL RECUPERACIÓN DA ARQUITECTURA DA ÉPOCA E UNHA CONSTRUCCIÓN ANEXA COÑECIDA COMO "PEDRA MOURA"





"A MANGALLONA"

CONSTA DE CATRO NIVEIS ONDE ATOPAR VARIOS MILLARES DE OBRAS TANTO EN PINTURA COMA EN ESCULTURA DE CAMAÑO XESTIDO ASI COMA UNHA NUTRIDA COLECCIÓN DE ARTE DE DIVERSOS AUTORES TANTO NACIONAIS COMA INTERNACIONAIS

# O OBRADOIRO DE PAPEL RECICLADO

MATERIAIS



ANACOS DE PAPEL — 1 BASTIDOR CON REDE E UN MARCO — TELAS — BATIDORA — PRENSA

PASOS






1º UNOS DIAS ANTES PUXEMOS ANACOS DE PAPEL NUNHA CUBETA CON AGUA. DESPOIS OS METIMOS NA BATIDORA

2º BATIMOS O PAPEL E FIXEMOS UNA MASA DE PAPEL

NENOS E NENAS DE 5A





3º A MASA DE PAPEL A METIMOS EN A UGA CON UN POUCO DE COLA

4º REMEXEMOS A MASA





5º COLOCAMOS O MARCO ENRIBA DO BASTIDOR E OS METIMOS NA CUBETA

6º CON MOITO COIDADO SACAMOS OS BASTIDORES

NENOS E NENAS DE 5A

NENOS E NENAS DE 5A





7º A MASA DE PAPEL QUEDA NO BASTIDOR CON REDE

8º CON MOITO COIDA-DO COLOCAMOS O PAPEL NUNHA TELA NA PRENSA





9º CUNHA ESPONXA SECAMOS UN POUCO POLA PARTE DA REDE

10º LEVANTAMOS O BASTIDOR E O PAPEL QUEDA NA TELA

NENOS E NENAS DE 5A





11º PODEMOS DECORAR CON FOLLAS DE ARBORES CON PEGATINAS...

12º TAPAMOS CUNHA TELA





13º CANDO TEÑAMOS TODAS AS PRENSAMOS

14º E POR ÚLTIMO SECAMOS AS NOSAS FOLLAS DE PAPEL RECICLADO

# "A MAQUETA DO FACHO"

PRIMEIRO FIXEMOS UN PLANO PARA SABER COMO O TIÑAMOS QUE FACER. ESCRIBIMOS OS MATERIAIS QUE NECESITAMOS FIXEMOS UN DEBUXO E



NENOS E NENAS DE 5A

NENOS E NENAS DE 5A











COMEZAMOS A COSTRUILO
FIXEMOS CUADRADIÑOS DE BARRO

E UN TELLADO CON PALLA

NENOS E NENAS DE 5A




PEGAMOS OS LADRILLOS
CON COLA




CONSTRUIMOS CADA EQUIPO
UNHA CASA DE CASTREXAS
E CASTREXOS






ITZEL
AIXA
IRIA
FATIMA

MARIAM
ZAKARIA
CARMEN
YAIZA

XELA
FRAN
LAURA
MANUEL
MAURO

MARIA
NAARA
XIAN
ELIAS

NENOS E NENAS DE 5A



NA EXPOSICION DE CANGAS PUXEMOS AS NO SAS MAKETAS CON ALGUNHAS DAS NOSAS ALFAIAS QUE FIXEMOS PARA OS DISFRACES DO ENTROIDO



ITZEL
AIXA
CARMEN
MAURO
XIAN
LAURA
IRIA
MARÍA
FRAN
MARIAM
NAARA

A CLASE DE 5A XELA
ELIAS
YAIZA MANUEL FATIMA
ZAKARIA

NENOS E NENAS DE 5B




Érase que se era
un príncipe de Cangas
moi pobre.
Vivía nun castelo
pero non tiña cartos


Um dia foi levado
a castinheiras
comer e atacou
um tesouro


MERCADO
Puxose moi contento e deci
diu facer un mercado en Cangas.
A xente foi moi moi feliz porque
tiñan onde vender as suas cousas
pero o príncipe seguía triste

Unha tarde foi pasear a Masso. Atopouse cunha lata de conser-vas, saltaba e saltaba. O príncipe acercouse e abriuna






atopouse
unha princesa.
pronto casaron
e foron moi
moi felizes
FIN

# As festas do Cristo



As festas empezan sempre a última fin de semana de Agosto.
O primeiro día dan o pregón, saen os cabezudos e queiman as damas e os galáns que fan moito ruido.
O domingo faise a procesión do Cristo do Consuelo que é un Cristo que non quixo arder cando foi a invasión turca.

NENOS E NENAS DE 1º

Son uns días moi divertidos porque podes facer cousas que non fas tódolos días como comprar globos e comer algodón doce.

¡É xenial!

O que mais nos gusta son as atraccións:

O tren Popof porque disparan auga, saltar nas colchonetas, o torito, o gusano loco, os cars, os coches de choque e as tómbolas para ver si sacamos un peluche.

Tamén comemos coa familia e pola noite hai "fuegos".

¡Pasámolo pipa!.

Nenos e nenas da clase de 1º

# Visita ós muiños de Coiro



Fomos de visita ós muiños de Coiro os de 1º e 2º e vimos dez muiños.

O muiño que está funcionando chámase muiño de Fausto e al-gúns fomos á festa que fan alí.

O muiño funciona con auga do río Bouzós e ten tres partes:

A moa, o pé e a moega.

Co muiño se tritura o millo e faise fariña.

**NENOS E NENAS DE 1º**

Para sacar a suciedade da fariña cóllese unha peneira.

O muiñeiro chamábase Clemente e dounos fariña para que a probásemos, estaba deliciosa.

O muiño ten un pao que se chama cacarexo e fai música galega:

¡tataratá, tataratá!

O pasamos moi ben e ó final do paseo había un pazo que tiña un xardín moi grande.

¡Na festa do Muiño
atopamos un porquiño!
e torceunos o fuciño.

1º curso

# Coñecemos mellor Cangas

O xoves 8 de marzo fixemos un percorrido pola nosa vila coa guía Diana.





Primeiro, visitamos a estatua de Don Felix Soage, que foi un home que de pequeno emigroa a Arxentina, que se fixo rico e donou cartos para facer o mercado, o palco da música, o coro e o teito da Igrexa.

Despois, vimos o reloscio que foi manda do construír por D. Alberto Guitián, que en realidade é unha estación meteriolóscica para que os mariñeiros soubesen que tempo ía facer e así evitar os neufrascios.



# NENOS E NENAS DE 2º A

Mais tarde, estivemos na Capela do Hospital, que antigamente estaba onde agora está Caixanova e alí coidabanse aos feridos.



A casa da bola (Chámase así porque enriba ten unha bola) era dunha familia rica que cando ardeu como non podía reconstruila a mercou o Concello.







Seguidamente, fomos ata a Igresca de Cangas onde Diana contounos que uns piratas viñeran a Cangas e que queimaran a Igrexia e que ardeu todo menos o "Cristo que

# NENOS E NENAS DE 2º A

non quixo arder"

A Igrexa ten a estatua de Santiago e empezouse a costruir en 1541.



Por último, vimos as casas de Patín, que eran as casas dos mariñeiros. Tiñan unha parte baixa e outra alta. Na parte baixa había un espacio onde se criaban os animais e outro onde se gardaban os aparellos de pesca. A parte alta, subíase por unhas escaleiras rematadas cun balcón, aquí vivían as persoas.



Foi unha visita moi divertida e na que aprendemos moito. Gracias Diana.



**NENOS E NENAS DE 2º B**

# PASOU EN CANGAS

## COMO O SEI?

Na visita ao Museo Massó de Bueu, vimos moitos obxectos relacionados co traballo que se facía nas factorías de Massó.

Amósanse pezas para a caza de cetáceos da antiga baleeira de Massó en Cangas: canón, arpóns, coitelos, cordas gordísimas ...





As botas con cravos para subir as baleas e non caer porque a pel das baleas e lisa e esbaradiza.

As baleas son os animais máis grandes que existen. En 1985 prohibiuse a súa caza porque quedan moi poucas. Están en perigo de extinción. En Xapón aínda se cazan.

## VISITAS IMPORTANTES

Veu a visitarnos a avoa dun compañeiro, que traballara na fábrica de Massó e contounos moitas cousas de todo o que facían e que importante foi.




Tamén había un grandésimo xardín con distintas especies de árbores e plantas. Cada nome nunha placa de porcelana. Era unha beleza!

## O TRABALLO DO MUIÑO DE FAUSTO

Chegou Isabel cunha cesta de millo para debullar, centeo, trigo, ata un muiño de man, e tantas cousas que nos contou... e que entendimos mellor cando fomos a Coiro a ver o muiño.

### ADIVIÑA

Mais de mil señoritos
entraron por un burato
colleron o nome de femia
e perderon o de macho



(Solución: Os grans e a fariña)




**NENOS E NENAS DE 3º**

# SOPA DE LETRAS

| | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| M | Y | A | Z | L | M | U | X | T | V | O | G | G | T | N | W |
| U | A | L | A | M | E | D | A | V | E | L | L | A | I | O | R |
| X | U | O | E | M | D | L | V | G | H | X | X | T | C | O | E |
| T | M | A | I | I | E | A | E | C | X | N | A | A | H | H | W |
| N | P | M | T | P | R | X | N | M | O | O | O | Ñ | P | O | F |
| Ñ | E | W | X | O | M | O | I | L | O | L | T | A | E | O | R |
| O | D | M | N | R | U | X | D | T | O | E | O | L | L | U | J |
| P | R | Ñ | O | T | T | O | A | E | U | G | M | W | A | X | M |
| M | A | S | S | O | T | O | D | T | I | I | T | T | A | J | W |
| Q | A | H | M | O | N | T | E | C | A | R | R | A | S | C | O |
| R | L | Ñ | L | M | T | M | M | O | T | M | A | T | A | B | C |
| T | T | W | O | T | W | M | A | O | M | N | Ñ | E | D | E | F |
| S | A | T | T | Ñ | O | X | O | L | E | R | K | Ñ | O | P | T |
| O | T | V | T | W | H | O | I | H | L | M | N | Q | R | S | W |

**Busca os seguintes lugares de Cangas:**

**Alameda vella**

**Pedralta**

**Masso**

**Monte carrasco**

**Reloxo**

**Porto**

**Gatañal**

**Capela**

**Rodeira**

NENOS E NENAS DE 4º

## palabra oculta

R E M S

T R  R

C I R E

S C  O

R P A A

Cual es la palabra oculta?

## Sopa de letras

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| P | F | E | R | I | A | S |
| A | L | A | M | E | D | A |
| R | R | A | S | Y | D | A |
| Q | U | Y | Y | L | C | A |
| U | E | I | S | A | C | B |
| E | I | C | S | B | S | C |

- Feria
- Playas.
- Parque.
- Alameda.

NENOS E NENAS DE 4º

# Palabra oculta

| | | | |
|---|---|---|---|
| O | C | B | O |
| C | S |  | R |
| A | M | N | R |
| C | K |  | L |
| A | M | O | R |

Cual é a palabra oculta?

# Sopa de letras

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| A | L | C | D | A | S |
| D | L | N | G | A | C |
| A | C | D | H | i | O |
| R | B | C | A | R | i |
| B | E | S | O | N | R |
| O | B | D | C | i | O |

- Aldán
- Hio
- Darbo
- coiro




Quen é o actual presidente do goberno.

Fu Fo Fi Fe Fa
Fu Fo Fi Fe Fa
Fu Fo Fi Fe Fa
Fu Fo Fi Fe Fa
Fu Fi Fe F

Obra mais famosa de Beethoven.




Personaxes famosos de Luar.

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| S | A | G | N | A | C |
| L | A | O | T | O | O |
| G | L | H | B | N | I |
| P | D | R | Q | I | R |
| O | A | U | R | Z | O |
| D | N | K | S | A | C |
| U | X | V | H | O | I |

Parroquias de Cangas

# XEROGLIFICOS

Que deporte practicas?






Nome dunha praia de Cangas

A onde vas de viaxe?

A




## SOPA DE LETRAS

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O | R | H | J | E | M | U | P | S | Y |
| H | H | A | L | S | J | P | Y | U | I |
| R | O | L | F | P | V | B | Ñ | N | A |
| L | E | I | J | A | R | H | V | N | O |
| P | Q | R | A | H | E | M | Q | O | P |
| P | O | M | E | H | A | L | R | Q | P |

Como se chama o pintor que pintou a Monalisa?
Empeza por R.

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| R | O | S | O | R | S | S | T | I | O | R |
| O | C | o | r | U | ñ | a | s | i | i | f |
| D | P | O | R | T | U | G | A | L | O | i |
| E | V | i | g | O | S | T | O | L | U | H |
| i | L | u | g | o | m | o | m | a | L | i |
| R | C | a | n | g | a | s | i | t | o | O |
| A | P | O | N | T | E | V | E | D | R | A. |

Rodeira.
Vigo.
Hio.
Lugo.
Pontevedra.
Coruña.
Cangas.
Portugal.

NENOS E NENAS DE 4º




1. PRAIA DE CANGAS
2. ANTIGA FÁBRICA DE CONSERVAS
3. NOME DA RÚA DO COLEXIO CEIP CANGAS
4. OBXECTO SITUADO ENRIBA DA ESTACIÓN METEROROLÓXICA
5. TORRE ALTA CON LUZ PARA ORIENTAR OS BARCOS
6. LUGAR ONDE ATRACAN OS BARCOS

***RESPOSTA***




**NENOS E NENAS DE 4º**

# Cangas dende as alturas

## NENOS E NENAS DE 5º



- **Lucia.G:** Saiamos do cole para unha excursión XENIAL!!
- **Ariadna:** que nos imos do colexio!. Socorro nos secuestran!!!!
- **Tamara:** Ai miña naiciña! que ben nolo pasamos nesta excursión! foi incríbel……..A MELLOR DAS MELLORES.
- **Lucia.G:** Ao parecer o secuestro foi unha larga camiñada…Pero mereceu a pena!!
- **Ariadna:** Co que nos custou camiñar as nosas pernas parecían agullas afiadas!!!
- **Tamara:** Grazas Iñigo! pola túa culpa chegamos a casa coas pernas doridas. Ademais cos toxos aqueles, calquera chegaba a casa con tantos pinchos. Iso que non atopamos ourizos...



- **Maria:** Ai! xa estabamos arriba de todo, e eu estaba sacando fotos. Que ben o pasamos!!!
- **Samuel**: Que ben nos comportamos! Somos os mellores! Ja! Ja! Ja.
- **Marta C**.:Alí estabamos xa cansados de camiñar, é estabamos mirando ás fotos e as follas.
- **Carla:** Vimos moitas cousas curiosas.
- **Pablo:** Era unha paisaxe bonita, eu paseino moi ben, non como outros…
- **Matias:** Algúns din que estabamos cansos, pero non, estabamos xenial (pola miña parte) XD.
- **Marta A.:** Facían moitas fotos , pero algúns tiñan medo pola altura do monte.
- **Uxia:** Todo o que pasei alí non o pasarei en ningún sitio, nunca o esquecerei.



- **Tomás:** Os tres colegas estabamos subidos a unha roca . Fixemos moitísimo esforzo, pero ao final o conseguimos!
- **Pablo:**Matías e máis eu estabamos mirando desde a rocha o campo de fútbol.

**Matías:** Estabamos subidos a unha rocha pero non a unha calquera; estabamos subidos a rocha do elefante.



- **Ruben:** Que aire facía alí arriba! e que camiñada nos pegamos!.
- **Eloy:** buuf! como me doian os pes ao andar tanto por alí..
- **Isaac:** Era unha boa estratexia para facer exercicio.
- **Uxía:** Eu estaba cansa como todos, pero o peor foi a caída que me metín, caín nas ortigas.
- **Leonor**: Eu case, case dou co cu no chan; sorte que "superman" (Adrián) freou o impacto tirando do meu anorak.



- **Adrian:** Tiña sede,  segundo todos fun o “superman” da excursión!!!!!
- **Lucia:**  Subir foi  duro pero valeu a pena porque as vistas eran chulas.
- **Cris:** Que bonita vista, se miraba todo cangas.
- **Carla:** Cheguei gracias a Ari que me axudou.

**Samuel:** Non  chegaba se non fora por María  e Lucía Rosales



- **Irene:** María, non te durmas na metade do camiño!
- **Lara:** Tiñamos  moita fame!

# HISTORIA DA NOSA VILA

**PREHISTORIA**

**Primeiros asentamentos humanos. Cultura castrexa.** “O Facho en Hío”



**IMPERIO ROMANO**

**Santuario Galaicorromano. Deus Berobreo**



**SÉCULO XII**

**Primeira referencia documental a Cangas**



**SÉCULO XV**

**Revoltas irmandiñas**



**SÉCULO XVI**

**Crecemento económico e demográfico. Xurisdición de Cangas.**



**SÉCULO XVII**

**Destrucción de Cangas polos piratas: “María Soliña” “Piratas Berberiscos”**

**NENOS E NENAS DE 5º**

**SÉCULO XIX**

Extinción da xurisdición de Cangas. Concello de Cangas. Anexión de Aldán e Hío.



**SÉCULO XX**

**Centro conserveiro.**



As raíces orixinarias de Cangas aséntanse nos máis remotos tempos da Antigüidade. Os primeiros datos que nos falan da existencia de comunidades de poboadores remóntanse á Prehistoria.

Por atoparse situada na ruta comercial do estaño que se realizaba por vía marítima entre os pobos mediterráneos e países do norte de Europa, esta zona atraeu o establecemento sucesivo doutras civilizacións como a dos fenicios, que segundo algúns autores, deron a coñecer aos primitivos ocupantes destas terras o alfabeto, a extracción do sal e a salgadura do peixe.

Na época prerromana e romana a poboación indíxena vivían nuns poboados chamados Castros.

Estes poboados estaban construídos en lugares altos e estaban formados por murallas circulares feitas de pedras e terra. Dentro de estas murallas estaban as vivendas.

En Cangas destacan os castros de O Castelo en Darbo; Liboreiro en Coiro e o Facho no Hío.



No Facho apareceu un gran castro que foi abandonado antes ou pouco despois da conquista romana. E na croa hai un santuario dedicado ao deus Bero Breo. É un "deus lar" que a xente veneraba pedíndolle saúde.

_O Facho foi un gran centro de peregrinación. Os peregrinos subían ao Facho, e na cima do monte plantaban sobre a terra a súa ara o altar, unha columna de pedra labrada dedicada ao deus Berobreo. Nestas columnas aparecía sempre a mesmainscrición escrita en latín : "Deus lari Berobreo aram posuit pro salute".

Co paso do tempo as aras foron caendo, permanecendo fragmentadas ata a actualidade.



O nome de Cangas aparece por primeira vez na Historia nun documento de 1160, no que o rei Fernando II dona a heredad de Cangas, situada preto do mar, a un cabaleiro.No século XV moitos veciños das parroquias de Darbo e Coiro aséntanse no fronte marítimo. Os primeiros núcleos urbanos da vila son O Sinal e O Costal

En 1467 Cangas veuse inmersa nunha gran revolta popular contra os nobles. Foi un intento de acabar co poder feudal. É coñecida como "Guerra Irmandiña". Os sublevados derrocaron a Fortaleza de Darbo.

A economía entra en crise trala invasión dos piratas Berberiscos no século XVII. Os datos históricos sinalan que entre os anos 1599 e 1639 os corsarios, que reciben este nome por teren licencia real, e os piratas, que normalmente traballan pola súa conta pero que poden repartir beneficios coa coroa, tanto de orixe holandesa coma francesa, atacan, asaltan, rouban as costas de Vigo e a península do Morrazo. No ano 1617 Vigo foi atacada por naves turcas berberiscas; a península do Morrazo sufrirá tamén estes ataques. As mulleres defenden as costas dos ataques piratas e moitas veces son torturadas, ademais de roubadas, nestes ataques. Posteriormente a estes feitos varias das mulleres que organizaron a resistencia nas costas do Morrazo foron acusadas de bruxería ante o Tribunal da Inquisición. Unha delas sería María Soliño, apelido seguramente moito máis real que Soliña, derivación daquel. A Inquisición confiscaba, previamente aos xuízos, os bens das persoas procesadas e partía sempre da base da culpabilidade, tendo que ser a acusada a que demostrase a súa inocencia. María Soliña, xunto con outras compañeiras, foi encarcerada, torturada; os seus bens foron confiscados polo Santo Oficio e ela condenada por bruxería. Como moitas outras mulleres desa época, a loucura, a fame e a miseria foron as que remataron coa súa vida; pasou a converterse no símbolo do sufrimento do pobo, e moi especialmente das mulleres.

A partires do 1750 a actividade industrial de salgadura pasan a mans dos fomentadores cataláns.

A comezos do século XX as salgaduras deixan paso ás fábricas de conserva. No 1939 instálase en Cangas o complexo conserveiro de Massó, que despois de entrar en crise nos anos 80 desaparece.

Na actualidade é un centro urbano que depende economicamente da área de Vigo. Aínda que o sector servicios é a actividade principal, segue tendo importancia o sector pesqueiro, cunha importante flota que opera nos caladoiros do Gran Sol e África. O turismo do verán é un factor importante, atraído en boa medida polo clima, as praias (que permiten a práctica de deportes náuticos) e a gastronomía.

Alumnos e alumnas de Quinto de Primaria



# Bágoas polo colexio

*Querido colexio:*

*Falta xa moi pouquiño para a nosa despedida, e todos nós somos cócteles de sentimentos, nos que sen dúbida abonda a tristura. Si, temos pena de deixarte! Quen nolo ía dicir, despois daquel gran concerto de choros que protagonizamos o día que te coñecimos! Eran tantos os nervios, o medo, a pena de separarnos dos nosos pais, as cousas que tiñamos que aprender, a vida que se desenvolvía dentro das túas portas...*

*É fermoso lembrar todo o que pasamos xuntos, de feito estamos seguros de que formarás parte de moitas das nosas conversas, porque tamén son moitas as cousas que non podemos esquecer: os cumpreanos que celebrabamos de pequechos con Lourdes; os nosos primeiros xogos: era doado montar una clínica de masaxes, facer tatuaxes, ter una perruquería, ser cabaliños , princesas, piratas ou bruxas (non precisabamos nada máis que a nosa desbordante imaxinación). Tampouco esqueceremos as pequeñas trasnadas, como cando petabamos na porta dunha das antigas vivendas e botabamos a correr cando saía unha muller con cara de poucos amigos; ou cando Inés e Lucía atascaron un baño con pedras e area; ou mesmo cando deixabamos á pobre Verónica sen merenda...*

*Ademáis serán imposibles de olvidar as numerosas celebracións que compartimos nestes nove anos, como o Nadal, o Samaín, os magostos, o Día da Paz, o Día do Libro, os festivais de fin de curso...e, sobre*

Atasempre!

*todo, as magníficas excursións a O Grove, a Cíes, a Manzaneda e ¡a Barcelona!. Desta última aínda temos o gustiño nos beizos. Foi xenial!!!!!!!!!!!!!!!!!!!*

*E , por suposto, temos que agradecer sinceramente a paciencia que tiveron connosco todos os mestres que traballan aquí e dun xeito especial aqueles que nos deron clase: Lourdes (tan cariñosa!), Puri (tan tolerante!), María (que simpática!), Mª Luz (tan aberta con toda a xente!), Luciano (é duro, pero bo), Íñigo e Duarte (xeniais!), Oliva (moitísimas grazas!) e aínda que xa non estean no cole , queremos mandarlles un bico moi grande a Alba e a Teresa (tan boas profesionais!).*

*Querido colexio, deixamos agochados entre as túas paredes os mellores recordos da nosa infancia. Gárdaos co mesmo agarimo que nós sentimos por ti e coida ben dos nenos , dos profes e do conserxe. Fai que se sintan tan felices como o fomos nós estes anos.*

*Botarémoste de menos!*

*Unha forte aperta*

**Os alumnos de 6º**

Ata sempre!

Verónica, Ángeles, Inés, Ana, Belén, Sara, Rubén, Darío, Beatriz G.A., R. Pérez, Iago, Laura, Paula, Ilhan, Lucía, Helena, Antía, Laura F.V., Nicolás

# OS COMPAÑEIROS QUE SE VAN


SARA


HELENA


DARÍO


ANTÍA


PAULA


JADE


LAURA F.


INÉS


ANA

## ATA SEMPRE PROMOCIÓN 2001 - 2010


LAURA G.


BELÉN G.




BEATRIZ


VERÓNICA


ILHAM


NICOLÁS


LAURA M.


IAGO


LUCÍA


RUBÉN


BELÉN R.


ÁNGELES

# *EXPOSICIÓN "CANGAS NO TEMPO"*

*No mes de Maio e con motivo do día das "Letras Galegas", o equipo de Normalización Lingüística máis o equipo de Biblioteca organizamos unha exposición temática chamada "Cangas no tempo" na que os diferentes cursos aportaron todos os seus traballos, maquetas e debuxos realizados ao longo do ano.*

*Quixemos que este traballo tivese unha gran acollida e por iso abrimos as portas do colexio invitando ás familias dos alumn@s a visitala e a participar da lectura dos libros que compoñían a exposición.*

*Tivemos tamén a gran sorte de contar coa colaboración de diferentes historiadores e escritores da localidade que viñeron ao colexio para falarlles aos nen@s e as súas familias da historia do noso pobo.*

*Esperamos que todos puidesedes visitar a exposición e que disfrutarades do traballo dos vos@s fill@s.*

# Que fixemos na biblioteca?




## Monográfico Geronimo Stilton



# Os xogos da biblio













## VISITA DOS AUTORES






EXPOSICIÓN
Cangas no tempo
ESCUDO de CANGAS
AS FONTES DE CANGAS


O Facho de Cangas
Asentamento castrexo




AUTORES DE CANGAS


DETALLE DO CRUCEIRO
Cruceiro de Hío
e Pazo de Aldán




MAPA EN RELEVO


CABO HOME

# 17 DE MAIO DÍA DAS LETRAS GALEGAS




Todo comezou no ano 1963, cando a Real Academia da Lingua Galega, decidíu que nese día tódolos anos,faríamos unha homenaxe a aquelas persoas que destacaron por escribir os seus libros en galego e pola defensa da lingua.

Escolleron o 17 de maio porque nesa data, cen anos antes, publicouse na Habana, o primeiro exemplar da obra Cantares Gallegos de Rosalía Castro e a partir deste momento iniciouse o camiño do renacemento cultural do idioma galego.

Este ano 2010, vai ser moi significativo na historia de Cangas porque o escritor Bernardino Graña foi nomeado membro da Real Academia Galega.

Así que estamos de noraboa.

De Uxío Novoneyra, ó que se adicou este ano o día das letras galegas, destacamos que ademais de escribir poesía, era moi coñecido como “decidor” de poemas, ou sexa que el mesmo recitaba os seus propios versos.

Escribiu tamén literatura infantil coma O cubil do xabarín , Gorgorín e Cabezón e Ilda, o lobo, o corzo e o xabarín; tres contos de aventuras, protagonizados por rapazas e rapaces ambientados na serra do Courel.

E, como se trataba de poesía e de poetas, os nenos e nenas do Colexio escribístedes con moita inspiración palabras en galego que expresan unha emoción un sentimento...e tantas e tantas foron que fixemos un libro gordísimo.




Xa rematamos este artigo cunha preguntiña, da que seguro que todos sabedes a resposta.



¿Qué letra leva Uxío Novoneyra que non existe en galego?

*ENDL*
*Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística*

# GALERÍA DE IMAXES





COMEMOS E XOGAMOS NO MAGOSTO





NO SAMAÍN PASAMOS MEDO ,
PERO...VOLVEMOS A COMER





# GALERÍA DE IMAXES

## NADAL



CON TODA A ILUSIÓN DO MUNDO...



RECIBIMOS A PAPÁ NOEL

## DÍA DA PAZ



BAILAMOS NA RODA DA AMISTADE



COLGAMOS GLOBOS CON DESEXOS

## CROSS ESCOLAR



PREPARADAS,LISTAS.......



A CORRER NO COLE E POLO BARRIO

# GALERÍA DE IMAXES

## DIVERTÍMONOS NO ENTROIDO...



MEDIEVAIS (5º E 6º)



CASTREXOS (INFANT. 5 ANOS)



TURCOS (INFANT. 3 ANOS)



TRABALLADORES MASSÓ (1º E 2º)



MEIGAS E BRUXOS (3º E 4º)



ROMANOS (INFANT. 4 ANOS)

## ...COA HISTORIA DE CANGAS

# GALERÍA DE IMAXES

## EXPOSICIÓN CANGAS

### (VISITAS)



OLI CONTOUNOS CONTOS QUE…



…NOS GUSTÁRON MOITO, MOITO



JOSÉ MOREIRA FALOUNOS DA HISTORIA DE CANGAS



SABELA DOS MUIÑOS DE AUGA



ANSELMO DOS MONUMENTOS E CONSTRUCCIÓNS E…

…DE TODOS ELES APRENDEMOS UN MONTÓN

A PARTIR DESTE ANO O COLE XA TEN UN BLOGUE CHAMADO

## “NAZARET GALEGO”

NEL TANTO OS NENOS E NENAS COMO O PROFESORADO PODEN PUBLICAR OS SEUS TRABALLOS PARA QUE ASÍ OS POIDAN DISFRUTAR DESDE CALQUERA SITIO E AS FAMILIAS POIDAN ACCEDER A ÉL E VER OS TRABALLOS DOS SEUS NENOS E NENAS.

A DIRECCIÓN DO BLOQUE É A SEGUINTE

## http://endlnazaret.wordpress.com/




REVISTA
NAZARET
REVISTA NAZARET